

ANUSKA MOSQUERA CORRAL, SECRETARIA DA COMISIÓN DO GRAO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, despois da aprobación da acta correspondente, que a Comisión do Grao en Enxeñaría Química na sesión ordinaria celebrada o 23 de setembro de 2022 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Anuska Mosquera Corral

1. Solicitude de matrícula a tempo parcial

SRV solicita matrícula a tempo parcial a dirección do centro para poder cursar os estudos do curso ponte do Grado de enxeñaría Química por estar neste momento traballando como profesora de secundaria contratada pola Xunta.

Unha vez revisada a documentación a comisión acorda concederlle a matrícula a tempo parcial.

2. Solicitudes de equivalencia

A Comisión acordou informar favorablemente a seguinte solicitude de equivalencia a estudos de grao na USC, unha vez examinada a documentación que achega, e en vista do contido e a duración dos estudos ligados aos títulos do alumnado solicitante.

Estudiante	Solicita	Data aprobación do informe favorable
ACGA realizou os seus estudos en Ingeniería Ambiental (5 anos) na Universidad Central, Bogotá, Colombia	Se acepte a equivalencia dos estudos de grao aos estudos de grao da USC para matricularse no Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable	19/09/2022
LMMS realizou os seus estudos en Ingeniería Química (5 anos) na Fundación Universidad de América, Bogotá, Colombia	Se acepte a equivalencia dos estudos de grao aos estudos de grao da USC para matricularse no Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable.	23/09/2022

3. Recoñecemento de materias

DSM cursou primeiro curso do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (2º Ed) da USC e solicita o recoñecemento da materias que ten superadas.

Unha vez avaliada a súa solicitude acórdase que se lle recoñecen as materias:

G4021101 Física (9 ECTS)

G4021102 Informática (9 ECTS)

G4021104 Química fundamental (6 ECTS)

G4021106 Estatística (6 ECTS)

G4021203 Economía de Empresa (6 ECTS)

E que para completar a formación básica do GrEQ ten que cursar as materias:

G4021103 Matemáticas (9 ECTS)

G4021105 Química Inorgánica (6 ECTS)

G4021201 Ecuacións Diferenciais (6 ECTS)

G4021202 Expresión Gráfica (6 ECTS)

G4021204 Química Orgánica (6 ECTS)

4. **Dispensas de asistencia a clase**

S.R.V. con data do 18/09/2022 solicita a dispensa a clase presencial das materias das que está matriculada por estar traballando.

No caso da materia Enxeñaría Bioquímica infórmase favorablemente a concesión oficial da dispensa da asistencia a clase e solicitárase ao profesorado correspondente a adaptación do sistema de avaliación pertinente, dado que na programación docente de ditas materias non figura ningunha actividade de carácter obrigatorio.

No caso das materias Sistemas de produción industrial, Fundamentos de máquinas e resistencia de materiais e simulación e optimización infórmase favorablemente a concesión oficial da dispensa da asistencia a clase para todas as actividades que non son obrigatorias e solicitárase ao profesorado correspondente a adaptación do sistema de avaliación pertinente. A alumna terá que realizar as actividades obrigatorias indicadas na guía docente de cada materia. Como aclaración en todas as materias as prácticas de laboratorio e de informática serán obrigatorias para as materias que as teñan.

Non se concede a dispensa de asistencia para a materia Automática Industrial por ser unha materia fundamentalmente práctica.

G.G.G. con data do 20/09/2022 presenta unha solicitude de dispensa a clase presencial das materias das que está matriculado.

Unha vez revisada a documentación a comisión acorda non concederse a dispensa a clase por non axustarse a súa situación a ningunha das causas establecidas para solicitala segundo a Instrución N° 1/2017, DA SECRETARÍA XERAL, SOBRE A DISPENSA DA ASISTENCIA A CLASE EN DETERMINADAS CIRCUNSTANCIAS no seu punto 2.- DISPENSA DE ASISTENCIA A CLASE.

5. Proposta nomeamento Coordinador 2º Curso

Con data 31/08/2022 a profesora SGG solicita a súa renuncia como coordinadora de 2º Curso do GrEQ.

A comisión acorda propor ao profesor D.F.R como coordinador de 2º curso do GrEQ.